




A VOZ

A voz é o instrumento natural máis antigo, completo e expresivo que existe. Permétenos comunicarnos cos demais mediante a fala e expresarnos musicalmente mediante o canto.

Pero : Como se produce a voz?

Ao espirar, o aire que sae dos pulmóns (1) pasa pola larinxe (2). Alí fai vibrar as cordas vocais (3) producindo o son.

O son da voz amplifícase na boca (4), as fosas nasais (5), a cabeza (6) e a cavidade torácica (7), que fan unha función similar á caixa de resonancia que teñen os instrumentos.



Así pois, para a produción da voz precísase o emprego de tres aparatos:

APARATO RESPIRATORIO : Encargado de abastecer o aire necesario para que se produza o son. (1)

APARATO FONADOR : Encargado da produción do son. (2 - 3)

APARATO RESOADOR : Encargado de amplificar e darlle un timbre específico o son. (4 , 5 , 6 , 7)

Nalgunhas profesións emprégase especialmente a voz : mestres, locutores, cantantes, actores. É importantísimo coidala e saber empleala. Moitos acoden a clases de educación vocal para traballala adecuadamente. O **foniatra** e o **logopeda** son dous dos especialistas que tratan a voz.